

## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 13 DE NOVEMBRO DE 2006

### 2.- Solicitudes de licencias de obras.

#### FAVORABLES.-

**1632/06.- Plavimundo, S.L.-** Legaliz., aos efectos de 1ª ocupación, das modificacións executadas na obra de construción de edificación no bloque núm.4 do Polígono 6-7 de Fontiñas.-

**1965/05.- Jesús Antonio Leis Pardal.-** Edificio (3 viv.) na Rúa Salvadas núm.43.-

**1711/06.- Mogar Forte, S.L.-** Legalización de modificacións executadas na viv. unif. sita na parcela 4 de parcelación urbanística autorizada en Sanxuas, Aríns.-

**925/04.- Ute Cancelas ED-1 Monteviejo-Millarcasa, S.L.-** Modificación de licenza concedida para construción dun edificio de vivendas de protección autonómica na R/ Cancelas, parcela ED-1 do SUNP-3 de Cancelas-Mallou.-

#### RECURSO DE REPOSICIÓN.-

**1769/06.- Isabel Raindo Pais.-** Desmontase de cuberta e realización dunha nova axustada á normativa de aplicación na edificación sita en Paredes, Laraño núm.15.- (+).-

#### PARCELACIÓN.-

**1267/06.- Mª Áurea Ferro López.-** Parcela núm.49 de Concentración Parcelaria de Marrozos, sita no Lugar de Corexo (+).-

#### SUBSANACIÓN ERRO NO ACORDO DA X.G.L. DE DATA 09 DE OUTUBRO DE 2006

**Lap/346/04.- Lorygar, S.L.-** Hotel no SUNP-29 de Brandía.-

#### APERTURAS.-

**Lap/339/06.- Ute Geslander Inmobiliaria Pajonal.-** Licenza de funcionamento de garaxe comunitario na R/ Idefonso Sánchez Mera núm.14-16.-

**Lap/307/06.- Soc Coop Ltda Os Salgueiros.-** Licenza de funcionamento de garaxe comunitario na R/ Irmáns Vilar Ponte núm.1.-

#### **OCIHR**

**Oficina da Cidade Histórica e Rehabilitación.**

#### **LICENZAS.-**

#### FAVORABLES.-

**LIC/3046/2004.- PARADORES E TURISMO DE ESPAÑA.-** Restauración da Capela do Hostal dos Reis Católicos.-

**LIC/1453/2006.- CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTES.-** Substitución de carpinterías, a limpeza de canterías con cepillo, pintura, dotación de luminarias e mobiliario na ala sur do claustro da catedral na Praza do Obradoiro.-

**LIC/1771/2006.- CONSEJO SUPERIOR INVESTIGACIONES CIENTÍFICAS.-** Reparación de portas e Reixas exterior na Rúa Franco nº 2.

**LIC/697/2006.- COFRADÍA DE LA VIRGEN DEL PORTAL.-** Colocación dun pasamáns de forxa na escalinata do santuario da virxe do portal na Rúa Belvís.

**LIC/2212/2005.- CONSORCIO DE SANTIAGO.-** Restauración do busto de Pedro Páiz, lapido, monumento á leiteira, a portada dos leóns do paseo da ferradura, o palco de música e as escalinatas e miradoiro da ferradura.- no Paseo da Alameda.

**LIC/1459/2006.- ENTRECERCAS Nº 2.-** Apertura de oco nun muro de cachotería para instalación de porta de paso na Rúa Bonaval nº 2.

**LIC/1729/2006.- CONSORCIO DE SANTIAGO.-** Picado do pavimento de cemento na planta baixa para a colocación dun novo pavimento enlousado de pedra, substitución do pontonado e entarimado da escaleira de acceso e rechán da planta baixa e a substitución do entarimado na planta 1ª da capela do neno xesús no Convento de Santa Clara.-na Rúa Santa Clara.

**LIC/1723/2006.- CONSORCIO DE SANTIAGO.-** Picado de enfoscados deteriorado, limpeza de muros e enfoscado con morteiro de cal no convento de Belvís.- Rúa Belvís.

**LIC/965/2006.- JOSE IGLESIAS CERQUEIRO.-** Rehabilitación de vivenda unifamiliar na Rúa Franco nº 18.-

**5.- Proposta da Concelleira Delegada de Rehabilitación do Casco Histórico relativa á concesión de axudas á rehabilitación de vivendas e locais do Casco Histórico.**

Apróbanse axudas para vinte vivendas e dous locais comerciais.

**6.- Adxudicación das obras de acondicionamento da Praza de Cervantes e o seu entorno.**

Adxudícase a licitación á empresa CONSTRUCCIONES ALEA, S.L, por un importe de 341.672, 50 euros.

**7.- Adxudicación do servizo de lavandería sobre rodas destinado a persoas maiores ou con problemas familiares.**

Adxudícase o servizo de referencia a María Sofía Klüver Leiva, por unha contía máxima de 12.000 euros, que se cargarán á subvención recibida para tal efecto da Xunta de Galicia.

**8.- Adxudicación do servizo de desenvolvemento de obradoiros para a promoción da lingua galega entre os estudantes de ensino secundario.**

Adxudícase o servizo á empresa Tagen Ata, por un importe de 22.004, 55 euros.

**9.- Proposta da concelleira delegada de Medio Ambiente relativa á transmisión da concesión do tanatorio a favor da Sociedade Tanatorio de San Lázaro S.L.**

Autorízase a constitución da Sociedade Tanatorio de San Lázaro S.L, da que será único accionista a empresa TRAP, S.A, así como a transmisión a esta da concesión administrativa e dos activos, bens, dereitos e pasivos que integran a unidade produtiva do Tanatorio de Santiago de Compostela.

**10.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa á apertura do prazo de concesión de axudas sociais ao persoal do Concello e modificación da normativa.**

Ratifícase a apertura do prazo de presentación de solicitudes de subvencións sanitarias 2006, gardaría setembro 2005-agosto 2006, estudos 2006-2007, diminuído físico e psíquico e compra de vivenda 2006, que comezou o día 2 de novembro de 2006 e que se estenderá ata o 31 de decembro deste ano.

**11.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa á diversas reclamacións contra o acordo de asignación do complemento de produtividade ao persoal municipal (primeiro semestre de 2006).**

Acéptanse as reclamacións presentadas por tres funcionarios/as.

**12.- Solicitude de autorización para a realización de horas extraordinarias por persoal do departamento de Benestar social.**

Autorízase a realización de 40 horas extraordinarias para a realización de dous proxectos de intervención social.

**13.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa á xustificación do convenio de colaboración coa Asociación de viúvas "Rosalía de Castro".**

Apróbase a xustificación do convenio, por un importe de 3.005 euros.

**14.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa á xustificación do convenio de colaboración coa Asociación CHAVÓS.**

Apróbase a xustificación do convenio, por importe de 2.894 euros.

**15.- Propostas da concelleira delegada de Benestar Social relativas ás obras de intervención para executar como parte do Programa da mellora e acondicionamento dos fogares de persoas maiores soas nas áreas das zonas norte, sur e centro.**

Acórdase a modificación das adjudicacións realizadas o 26 de decembro de 2005, de tal xeito que as adjudicatarias acometerán as intervencións nas zonas asignadas ata esgotar o importe adjudicado.

**16.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa á xustificación do convenio de colaboración con Caritas interparroquial de Santiago.**

Apróbase o gasto relativo á xustificación do convenio de colaboración con Cáritas, por unha contía de 36.060 euros.

**17.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á ampliación do acordo de colaboración dos campos de fútbol periféricos de Aríns e Nemenzo.**

Apróbase conceder a cantidade de 1.000 ás asociacións de veciños "Campo do Monte", de Santa Cristina de Nemenzo, e "Coto de Nai" de Aríns, xestoras dos campos de fútbol de Nemenzo e Aríns, respectivamente, co fin de manter o seu uso e poder aboar o total do xa empregado.

**18.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á concesión da segunda quenda de subvencións para actividades deportivas puntuais.**

Apróbase a concesión de axudas a 22 clubs e asociacións deportivas, por un importe total de 40.027 euros.

**19.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á celebración do II Congreso ibérico de xestores deportivos.**

Apróbase un gasto por valor de 12.000 euros para a celebración do devandito congreso.

**20.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á aceptación dunha subvención para a construción dunha pista de chave.**

Acórdase a aceptación expresa da subvención concedida por importe de 20.000 euros.

**21.- Proposta do concelleiro delegado de Mercados relativa á concesión de subvencións para actividades feirais 2006.**

Acórdase a concesión de axudas, por un valor total de 11.00 euros, ás empresas Carisma Multimedia (polo Salón do Vehículo de Ocasión e Importación), Asproga (pola Feira Galicia Ornamental), e TRAP, S.A (por Expovivenda).

**22.- Proposta da concelleira delegada de Educación e Mocidade relativa á aprobación das tarifas da Escola Infantil Municipal de Fontiñas.**

Apróbense as tarifas.

**23.- Proposta do concelleiro de Cultura relativa á corrección dun erro no acordo da Xunta de Goberno do 9 de outubro de 2006 polo que se inicia o expediente de contratación das obras de reforma de local para usos culturais no convento de San Domingos de Bonaval.**

Procédese á corrección do erro.

**24.- Dar conta da sinatura do Convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e á agrupación cultural O GALO.**

Dáse conta da sinatura.

**25.- Dar conta da sinatura de diversos anexos a convenios con diferentes entidades.**

Dáse conta dos mesmos.

**26.- Propostas da concelleira delegada de Limpeza relativas a diversas reclamacións de responsabilidade patrimonial.**

Declárase a inexistencia de responsabilidade do Concello por danos ocasionados en tres vehículos.

**27.- Dar conta da sinatura do contrato de cesión entre o Concello de Santiago de Compostela e ASPAS.**

Dáse conta da sinatura do convenio.

**28.- Dar conta da sinatura do Convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela, a Consellería de Sanidade, o SERGAS e a USC para a elaboración dun traballo para o diagnóstico de saúde da poboación do municipio.**

Dáse conta da sinatura do convenio.

**29.- Dar conta da concesión de diversas subvencións da Consellería de Traballo para a contratación de traballadores desempregados en colaboración coas Entidades Locais (P.I.E.G.)**

Dáse conta da subvención de 127.066 euros para a contratación de 10 traballadores.

**URXENCIAS**

**1.- Proposta da concelleira delegada de Medio Ambiente relativa á segunda prórroga do convenio asinado coa Sociedade de Caza e Pesca “La Venatoria” para a cesión gratuíta do uso da cabana de pescadores sita en Chaián.**

Apróbbase a prórroga do devandito convenio por un ano, a partir do 19 de novembro de 2006.

**2.- Proposta do concelleiro delegado de Patrimonio relativa á cesión a favor da Xunta de Galicia do inmovible sito na rúa Hórreo-61.**

Apróbbase devandita cesión.

**3.-Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica relativa á sinatura do convenio de colaboración entre a Fundación para o fomento da calidade industrial e o desenvolvemento tecnolóxico de Galicia e o Concello de Santiago.**

Apróbbase a sinatura do devandito convenio.

**4. Dar conta pola concelleira delegada de Emigración e Inmigración do estudo socio-económico dos cidadáns santiagueses residentes en Uruguai.**

Dáse por recibido.

**5.- Adxudicación das obras de reforma do local para usos culturais no convento de San Domingos de Bonaval.**

Adxudícanse as obras á empresa Pedra Sigrás, por un importe de 81.011 euros e un prazo de execución de seis semanas.

